

EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Os equipos de dinamización da lingua galega traballan desde os centros de ensino coa finalidade de que o alumnado, o profesorado e a comunidade educativa empregue a lingua galega para descubrir e espallar a ciencia. E fano non só no mes de novembro senón ao longo de todo o curso, conscientes de que a ciencia debe estar en galego en calquera época do ano.

Deste labor multidisciplinario de consolidación da lingua propia de Galicia no ámbito da ciencia xorden iniciativas moi diversas (certames, revistas, proxectos, presentacións, documentais, charlas e conferencias, audiovisuais, feiras científicas etc.), que contribúen a fomentar a vocación científica na xente nova.

Velaquí algúns exemplos:

Revistas:

http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0980/haiche-outra-2018

http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0983/revista-lambda

Certames:

http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0982/iii-premios-ofelia-devesa

Exposicións:

http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0984/mostra-grandes-enxeneiras-cientificas

Recursos innovadores (aplicacións, symboloos...):

http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0993/rodeiratic

http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0985/symboloo-divulgacion-cientifica

Audiovisuais:

http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0990/facendo-ciencia-galego

http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0992/atrevete-coa-fisica-galego

Máis iniciativas:

<http://www.lingua.gal/edlg-dia-da-ciencia-en-galego>

BIBLIOTECAS ESCOLARES

Dende a creación do Plan de melloira de bibliotecas escolares en 2005 procurouse de distintas formas a integración das Ciencias e das Humanidades, tanto nas actividades como na actualización da colección das bibliotecas dos centros educativos galegos de nivel non universitario. Especificamente, dedicáronse varias campañas anuais a facer visibles as oportunidades que ofrece a biblioteca escolar para o estudo das diversas áreas científicas e para a exploración e a investigación: “Ler ciencia na biblioteca escolar”



(2013/14), “Biblioteca escolar... matemático!!!” (2014/15), “Biblioteca escolar, base de exploracións” (2015/16) ou “Aprender a pensar coa biblioteca escolar” (2017/18). Para o presente curso o lema elixido “Poéticas diversas na biblioteca escolar” procura estimular unha mirada sobre o mundo que poida descubrir a poesía presente en moitas facetas da vida, tamén no ámbito da ciencia, máis alá do propio xénero literario.

Como resultado destas campañas aumentou considerablemente o número de actividades relacionadas coas ciencias nas bibliotecas escolares, son moitos os científicos e científicas de diversas especialidades que, anualmente, son convidados a impartir charlas relacionadas con proxectos de investigación que se desenvolven en moitos centros, coordinados desde a biblioteca escolar, e aumentan as propostas de actividades que implican máis lectura de divulgación científica e maior número de traballos de investigación sobre diferentes aspectos relacionados coas ciencias por parte do alumnado. En consecuencia, aumentan tamén os recursos de contido científico en distintos soportes e formatos que as bibliotecas albergan nas súas coleccións e que intentan cubrir as necesidades das diversas disciplinas.

Web: ciencia en galego nas bibliotecas

Para apoiar a conmemoración do mes de novembro como Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas, desde a Asesoría de bibliotecas escolares mantense un portal cunha selección de materiais relacionados coa Ciencia en Galego:

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/ciencia/index.php>



Seleccións de materiais sobre ciencia en galego

Desde a Asesoría de bibliotecas escolares realízanse distintas seleccións de materiais susceptibles de formar parte da colección das bibliotecas dos centros. Cómpre, neste sentido, destacar a coidada selección de maletas viaxeiras que son ofrecidas en préstamo temporal aos centros, sobre Ciencias en xeral (para primaria ou para secundaria), Economía, Física e Química, Matemáticas ou Bioloxía e Xeoloxía. Para o curso 2018/19 fíxose unha actualización dos contidos destas maletas engadindo publicacións máis recentes realizadas cunhas perspectiva de xénero, para acoller aqueles libros que contemplan ás científicas que tiveron un papel importante nos diversos campos. Pódese acceder ao contido das diversas maletas no enderezo:

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/maletas/>



Proxecto “Biblioteca Creativa”

Para o curso 2018/19, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, da CEUPP, no contexto das actuacións do Plan LÍA 2016/20 de bibliotecas escolares, puxo en marcha un novo proxecto que recolle unha iniciativa anterior, o proxecto “Escornabots na biblioteca escolar”, á vez que amplía os seus contidos e finalidades: o programa “Biblioteca Creativa” apoia a introdución, dentro da biblioteca escolar, dun espazo de creación e experimentación que aporte ao alumnado os



recursos e materiais axeitados; iniciar ao alumnado de infantil e primaria no campo da robótica e na linguaxe de programación a través de actividades manipulativas e outras, programadas desde a biblioteca escolar, mediante a utilización de pequenos robots, os Escornabots, deseñados dentro dun proxecto de hardware libre, cunha evolución aberta á comunidade. Búscase, así mesmo, ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple, o razoamento lóxico, a aprendizaxe manipulativa, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado.

Neste curso 2018/19 participan do programa “Biblioteca Creativa” un total de 55 centros de ensino primario, integrados previamente, no Plan de mellora de bibliotecas escolares. Pódese acceder a máis información sobre este programa na ligazón: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=category/19/86>

Metodoloxías activas e traballos por proxectos

En abril de 2018 convocouse o V Concurso de Traballos por Proxectos, coordinados ou realizados co apoio da biblioteca escolar, con varias modalidades. Todas elas contemplan premios para traballos de temática científica. Nas diversas convocatorias deste certame son numerosos os proxectos que centran as súas investigacións en temas científicos. Durante o mes de novembro daranse a coñecer os proxectos galardoados na presente edición.

Nesta ligazón pode accederse aos traballos premiados na convocatoria anterior (2017/18):

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=category/17/106>



C

I

E

N




C


I

A

galicia


MES DA CIENCIA!
Consulta todas as datas na
Axenda de Cultura de Galicia:
www.cultura.gal/axenda





 XUNTA DE GALICIA

Dep. Legal: C 1966- 2018



NOVEMBRO MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

MES DA CIENCIA 2018 LER E VIVIR A CIENCIA EN GALEGO!

Programación de actividades de divulgación científica, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

XUNTA DE GALICIA



MES DA CIENCIA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS

BIBLIOTECA DE GALICIA

3 de novembro, ás 17:00 h, na aula I

Ana María Vieitez: científica de conto

Obradoiro experimental, organizado polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), para dar a coñecer o labor desta científica galega. Para nenos e nenas de 11 a 15 anos. Inscripción previa na web: www.cidadedacultura.gal (40 prazas).

10 de novembro, ás 17:00 h, na aula I

A pegada dos peixes

Obradoiro creativo para saber como os peixes adáptanse a o medio acuático no que habitan, organizado polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Para nenos e nenas de 11 a 15 anos. Inscripción previa na web: www.cidadedacultura.gal (40 prazas).

17 e 24 de novembro, ás 17:00 h, na aula I

Enrólate coa robótica

Obradoiro de achegamento ao mundo da robótica con LEGO EV3, impartido pola Institución Galega da Ciencia. Para nenos e nenas de 11 a 15 anos. Inscripción previa na web: www.cidadedacultura.gal (30 prazas).

BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

Todo o mes de novembro

As mulleres na ciencia

Mostra bibliográfica con motivo da celebración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.

3 de novembro, ás 12:00 h, na ludoteca

O xogo de Nano

Contacontos para coñecer as partes do corpo ao ritmo da musica, con Raquel Queizás.

Para nenos e nenas de 0 a 3 anos. Inscripción previa (25 prazas).

9 de novembro, ás 19:00 h, no salón de actos

A maxia da ciencia. Ciencia Show

Maxia e ciencia para amosar o lado divertido do coñecemento, con José Antonio Godoy. Para todos os públicos. Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

10 de novembro, ás 12:00 h, no salón de actos

Planetario ciencia kids-fulldome space

Proxección, con deformación xeodésica dentro dunha estrutura de domo para mergullarse nun mundo de ficción. Para nenos e nenas de máis de 3 anos. Inscripción previa (25 prazas).

17 de novembro, ás 12:00 h, na ludoteca.

Contos en lingua de signos

Por membros da Federación de persoas xordas de Galicia (FAXPG). Entrada libre.

24 de novembro, ás 12:00 h, na ludoteca

Rato canguro

Contacontos pola igualdade, con Trinke trinke. Para nenos e nenas de máis de 3 anos. Entrada libre.

BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO

16 de novembro, ás 18:00 h, no salón de actos

A maxia da ciencia

Maxia e ciencia para amosar o lado divertido do coñecemento, con José Antonio Godoy. Para nenos e nenas de máis de 4 anos. Entrada libre.

23 de novembro, as 17:30 h, Planetario ciencia kids-fulldome space

Proxección, con deformación xeodésica dentro dunha estrutura de domo para mergullarse nun mundo de ficción. · 1ª sesión de 3 a 7 anos ás 17:30 h. · 2ª sesión de 8 a 10 anos ás 18:30 h. · 3ª sesión de máis de 10 anos ás 19:30 h. Inscripción previa (25 prazas).

30 de novembro, ás 18:00 h, na sala multiusos

A ilusión da ciencia

Obradoiro con Cucarandainas, no que descubriremos os estados da materia e os seus segredos. Para nenos e nenas de 4 a 12 anos. Inscripción previa (20 prazas).

BIBLIOTECA PÚBLICA DE OURENSE

9 de novembro, ás 18:00 h, na sala infantil

Experimentos científico...artísticos

Experimentos aptos para rapazada curiosa, con Fatiropina. Para nenos e nenas de 8 a 11 anos. Inscripción previa (20 prazas).

Do 10 ao 30 de novembro

Centros de interese:

As nosas científicas

Sobre mulleres científicas na biblioteca.

Rapazada curiosa

Libros científicos na sala infantil.

BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA ANTONIO ODRIUZOLA

9 de novembro, ás 18:00 h, na sala de obradoiros

Ángela Ruiz Robles, precursora do libro electrónico

Contos e obradoiro de debuxo baseado na figura da inventora, con Polo Correo do Vento. Para nenos e nenas a partir de 3 anos. Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

16 de novembro, ás 18:00 h, na sala de obradoiros

Cuentíficos

Contos con moita ciencia en inglés, con Manuel Solla. Para nenos e nenas a partir de 3 anos. Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

23 de novembro, ás 18:00 h, na sala de obradoiros

Os contos da cesta de carapuchiña

Contacontos con música, con Bea Campos (Migallas). Para nenos e nenas a partir de 3 anos. Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

30 de novembro, ás 17.30 h, e ás 19.00 h, na sala de obradoiros

Diverciencia

Obradoiro que achega a ciencia a través do descubrimento, a cargo de Anias. Para nenos e nenas de 6 a 12 anos. Inscripción previa (2 sesións de 15 prazas).

Todo o mes de novembro

Mostras bibliográficas

Miúdos inventos, na sala de exposicións.

Sobre inventos curiosos.

Tolos polos inventos, na sala infantil.

Inventores que cambiaron o mundo, no 2º andar

BIBLIOTECA PÚBLICA DE SANTIAGO ÁNXL CASAL

Ciclo de actividades dedicadas á astronomía, en colaboración co Observatorio Astronómico Ramón María Aller, da Universidade de Santiago de Compostela.

16 de novembro, ás 18:30 h, no salón de actos

Obradoiro infantil de astronomía

Para nenos e nenas de 4 a 6 anos. Inscripción previa na biblioteca (20 prazas).

16 de novembro, ás 19:30 h, Observación do ceo nocturno con telescopio

Inscripción previa (50 prazas).

23 de novembro, ás 18:30 h, no salón de actos

Obradoiro infantil de astronomía

Inscripción previa (20 prazas).

30 de novembro, ás 18:30 h, no salón de actos

Obradoiro infantil de astronomía

Para nenos e nenas de 11 a 14 anos. Inscripción previa (30 prazas).

10 e 17 de novembro, ás 12:00 h, no salón de actos

Contando coa ciencia

Contacontos, con Beatriz Iglesias. Para nenas e nenos de 3 a 12 anos. Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

17 de novembro, ás 12.00 h, no salón de actos

A maxia da ciencia

Maxia e ciencia para amosar o lado divertido do coñecemento, con José Antonio Godoy. Para nenas e nenos de máis de 3 anos. Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

19 e novembro, ás 18:30 h, no salón de actos

Bioteecnólogos resoven un crime na biblioteca

Obradoiro con Manuel Vicente, para aprender o que é a Biotecnoloxía. Para nenas e nenos de 7 a 14 anos. Inscripción previa (25 prazas).

20 de novembro, ás 19.30 h, no salón de actos

A que altura está o ceo?

Charla a cargo de Jorge Mira Pérez. Entrada é libre ata completar a capacidade da sala.

Todo o mes de novembro

Mostra bibliográfica

Mes da Astronomía, na sala infantil

BIBLIOTECA PÚBLICA DE VIGO JUAN COMPAÑEL

Todo o mes de novembro

As orixes da ciencia.

Para todos os públicos.

10 de novembro, ás 12:00 h, na sala infantil

A maxia da ciencia

Maxia e ciencia para amosar o lado divertido do coñecemento, con José Antonio Godoy. Para nenos e nenas de máis de 3 anos. Inscripción previa (35 prazas).

14 de novembro, ás 19:00 h, na sala multiusos

Presentación da obra Caderno de campo das illas Cíes, co seu autor José Arca. Para todos os públicos. Entrada é libre ata completar a capacidade da sala.

17 de novembro, ás 12:00 h, na sala infantil

Pensa e xoga. Ciencia para nenos e nenas

Obradoiro para achegarse á ciencia con Cucarandainas. Para nenos e nenas de 4 a 12 anos. Inscripción previa (35 prazas).

20 de novembro, ás 18:00 h, na sala infantil

Pescathlon

Con Esther Román (Investigadora do Centro Oceanográfico de Vigo). Para nenos e nenas maiores de 7 anos. Entrada é libre ata completar a capacidade da sala.

23 de novembro, ás 17:00 h, na sala infantil

Biodiversidade ao teu alcance

Obradoiro sobre os ecosistemas mariños nas rías galegas. Realizado pola Unidade de Cultura Científica do CSIC, coa participación do Instituto de Investigacións Mariñas (Vigo). Público Familiar. Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

27 de novembro, ás 18:00 h, na sala infantil

Pesqueteca

Contacontos e actividades relacionadas coa oceanografía, con Uxía Tenreiro e Marcia Ares (Centro Oceanográfico de Vigo).

Para nenos e nenas de 4 a 12 anos. Entrada é libre ata completar a capacidade da sala.

Manifiesto Luis Navarro

Desde Divulgare levamos dez anos tratando de achegar a ciencia e o pensamento científico á sociedade. Para iso, un grupo de científicos con ganas de lle dar a coñecer o noso traballo á sociedade apostamos naquel momento por estruturar un equipo de traballo multidisciplinar: artistas gráficos, programadores informáticos e científicos traballando xuntos para tratar de facer máis sinxela e entretida a mensaxe que transmitirle á sociedade.

Desde este grupo de persoas que teño o orgullo de dirixir na Universidade de Vigo, propuxémonos facer o que sexa para que a xente que non interacciona co mundo da ciencia habitualmente entenda un pouco mellor o que facemos os científicos co seu diñeiro. Estamos orgullosos de poder facer ciencia con diñeiro público, pero non oculto que, en moitos casos, nos xera certa frustración comprobar que moita xente non entende o traballo dos científicos nin a súa utilidade social.

E a realidade é que, neste mundo que nos tocou vivir, resulta imposible entender o grao de coñecemento que os humanos temos da vida se non é á luz do coñecemento científico que fomos acumulando. E quero resaltar o de “coñecemento científico” porque me refiro a un coñecemento adquirido tras poñer a proba e contrastar hipóteses que foron xurdindo das observacións. Neste sentido, un dos nosos principais obxectivos sempre foi tratar de explicar en que consiste o método científico e pelexar por incorporar o pensamento crítico na sociedade. Persoalmente defendo sen concesións a idea de que unha sociedade ben informada e ben educada é máis difícil de ser manipulada. Iso é o que nos fai libres como individuos e como sociedade. Liberdade, un sentimento que os humanos anhelamos desde o inicio da nosa estirpe, pero que moitas veces non sabemos como conseguir. E a cultura é un dos camiños que nos leva a un mundo onde a liberdade individual sexa respectada.

Para ser libre mediante a cultura, igual ca para facer boa ciencia, hai que ler. A era dixital instalouse nas nosas vidas con gran naturalidade para facilitarnos

moito as cousas. Pero para min, que veño dun mundo anterior, tamén trouxo un pouco de confusión. Hoxe en día é moi fácil atopar millóns de bytes de información, pero... só unha porcentaxe moi reducida deles foi sometida a unha revisión rigorosa por parte dalgún experto. Sen lle quitar mérito ningún á gran vantaxe que esta revolución intelectual está a supoñer para o avance da cultura na sociedade, persoalmente ségueme gustando informarme en medios que foron sometidos a algún proceso de revisión antes de que cheguen ás miñas mans. Neste sentido, a información que me gusta engulir está nas bibliotecas, eses olimpos de paz nos que aínda un pode concentrarse facilmente na lectura.

Na miña profesión, como docente e investigador, sempre me preocupei de manter unha boa biblioteca persoal, por gusto pero tamén como parte do meu labor docente/educador. Crecer intelectualmente rodeado de libros e revistas na miña casa ou no meu traballo axudou a crear esa atmosfera que cos anos me serviu de inspiración para xerar moitas hipóteses de traballo e mesmo plans de vida. Co tempo tiven a enorme fortuna de poder canalizar a miña vida profesional e familiar polo carreiro que marcaron moitas daquelas lecturas que devoraba sendo mozo. Dalgunha maneira, a miña vida está a ser o reflexo ou a continuación do que lin neses libros que tanto me inspiraron. Hoxe en día síntome unha persoa

libre, orgullosa de poder visitar e explorar moitos países e ecosistemas cos que comecei a soñar cando lía libros da colección denominada Xoias literarias xuvenís, primeiro, e as obras do fenomenal oceanógrafo Jacques-Yves Cousteau que me abriron unha xanela a un mundo descoñecido e me alimentaron a ansia de descubrir e explorar. A estas alturas da miña vida, teño a convicción de que, se de mozo na miña casa non circulasen aquelas coleccións de libros que tan ben souberon elixir os meus pais para crear esa atmosfera positiva cara ao descubrimento da vida, a paixón coa que enfrontei todo na miña vida, e que ao cabo marcou a miña traxectoria vital, non existiría.

Persoalmente débollles moito a eses libros e bibliotecas que me acompañan nesta viaxe que é a vida na que vou trasladando historias que me gustan en soños que cumprir, e algúns deles en realidade que me enchen plenamente.

Por iso, só podo recomendarvos que aproveitades estas institucións do coñecemento que, afortunadamente, temos á nosa disposición para ir creando a vosa propia historia vital. E se o facedes utilizando libros e traballos científicos, tede a seguridade de que os cimentos da vosa construción serán máis sólidos.

Luis Navarro
Profesor titular de Bioloxía da Universidade de Vigo

